



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2019/20	
Asignatura (*)	Sistemas construtivos avanzados	Código	670526005	
Titulación	Mestrado Universitario en Edificación Sostible (Plan 2017)			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalegoInglésItaliano			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas			
Coordinación	Fernandez Prado, Ruben	Correo electrónico	ruben.fprado@udc.es	
Profesorado	Fernandez Prado, Ruben	Correo electrónico	ruben.fprado@udc.es	
	Souto Blazquez, Gonzalo		g.souto@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O progreso e desenvolvemento da tecnoloxía proporcionáanos novos materiais con novas características e prestacións. A súa combinación e as particularidades no seu uso en relación co proxecto arquitectónico, as necesidades, a tipoloxía, as condicións atmosféricas, a durabilidade chega a cubrir as expectativas que hoxe en día se pide a unha solución construtiva alcanzando os requirimentos que as normativas nos esixen ata chegar a culminar os requirimentos máis sofisticados. Na evolución tecnolóxica ao servizo da edificación é imprescindible dar unha resposta que axunte nun sistema construtivo a solución á necesidade, a estética, a economía, a sustentabilidade. Con estes criterios ten unha importancia relevante a evolución de sistemas a partir da reciclaxe de subproductos. Nesta materia preténdese estudar os materiais e sistemas construtivos evolucionados cumprindo cos stándares descritos e expondo bases que permitan ao alumno o estudo de novos materiais para a súa aplicación á edificación cun uso racional dos recursos naturais.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE01 Diseñar sistemas construtivos eficientes e sustentables, mediante a aplicación de solucións técnicas e sistemas construtivos tradicionais ou avanzados.
A3	CE03 Coñecer e aplicar as solucións tecnolóxicas necesarias para mellorar o comportamento térmico da envolvente dun edificio.
B1	CB01 Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	CB02 Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB03 Ser capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB04 Saber comunicar conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	CB05 Posuír as habilidades de aprendizaxe que permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirigido ou autónomo.
B7	CG02 Capacidade de organización e planificación.
B12	CG07 Traballo en equipo.
B17	CG12 Adaptación a novas situacións.
B18	CG13 Creatividade.
B22	CG17 Sensibilidade cara a temas ambientais.
B24	CG19 Orientación ao cliente.
B25	CG20 Coñecer os principios básicos do paradigma da sustentabilidade, os seus debates e implicacións ambientais, socioculturais e económicas.



B26	CG21 Entender e coñecer as dinámicas e problemáticas aparecidas co fenómeno da globalización e a súa relación coa sustentabilidade global.
B27	CG22 Coñecer o impacto que o uso da tecnoloxía ten sobre a sociedade que o adopta e os principios básicos para unha tecnoloxía da sustentabilidade.
B28	CG23 Analizar os fluxos materiais e enerxéticos que se dan nun sistema e a súa interrelación co territorio e os recursos que o sostén.
B29	CG24 Coñecer a lexislación vixente e a normativa aplicable en materia de sustentabilidade, eficiencia enerxética e xestión da calidade ambiental no ámbito da edificación.
B30	CG25 Coñecer os principios físicos relacionados cos problemas enerxéticos e de sustentabilidade e saber aplicalos no deseño construtivo.
B31	CG26 Deseñar, planificar, executar e avaliar proxectos tecnolóxicos, científicos ou de xestión nun marco de sustentabilidade.
B32	CG27 Analizar e comparar as prestacións de distintas alternativas tecnolóxicas, e seleccionar as solucións máis adecuadas con criterios de sustentabilidade e eficiencia.
B33	CG28 Xestionar a explotación do edificio, implementando as melloras necesarias para adecuar os parámetros ambientais e enerxéticos.
C6	CT06 Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT07 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT08 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
- Coñecemento xeral dos sistemas construtivos evolucionados e das investigacións máis recentes que se levaron a cabo neste campo. - Capacidade de avaliar a adecuación a aplicacións determinadas dos novos materiais e dos seus sistemas construtivos asociados, baixo criterios de durabilidade, economía, sustentabilidade, estética, etc.		AM1	BM1
		AM3	BM2
			BM3
			BM4
			BM5
			BM7
			BM12
			BM17
			BM18
			BM22
			BM24
			BM25
			BM26
			BM27
			BM28
			BM29
			BM30
			BM31
			BM32
			BM33
			CM6
			CM7
			CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. INTRODUCCIÓN	Sustentabilidade e construción: do deseño á execución ao uso.
2. MARCO NORMATIVO	.



3. OS SISTEMAS CONSTRUCTIVOS EVOLUCIONADOS	3.1. Sistemas estruturais in-situ e prefabricados 3.1.1. Madeira - Últimos avances. Módulos prefabricados, sistema lixeiro-framing, paneis. - Referencias: obras construídas. 3.1.2. Formigón: - Últimos avances. Investigacións recentes e en curso. - Referencias: obras construídas. 3.2. Cubertas e impermeabilizacións 3.2.1. A cuberta ventilada. 3.2.2. A cuberta inundable. - Últimos avances. Investigacións recentes e en curso. - Referencias: obras construídas. 3.3. Cerramentos de fachada 3.3.1. Fachadas ventiladas lixeiras. Prefabricación e obra seca 3.3.2. Fachadas multicapa de vidro 3.3.3. Fachadas de dobre pel 3.3.4. Outros: Fachadas ventiladas con revestimento exterior continuo; sistemas ?Véture?; etc. Últimos avances. Investigacións recentes e en curso. Referencias: obras construídas. 3.4. Sistemas de acabado interior: Pavimentos, falsos teitos, trasdosados e revestimentos - Últimos avances. Investigacións recentes e en curso. - Referencias: obras construídas. 3.5 Sistemas mixtos con materiais tradicionais e innovadores. Compatibilidade dos materiais e uso en sistemas construtivos innovadores. Métodos de elección de materiais e sistemas construtivos con criterios de sustentabilidade e eficiencia.
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 B1 B2 B26 B27 B28 B29 B30 C6	9	0	9
Traballos tutelados	A1 A3 B1 B3 B5 B7 B12 B17 B18 B22 B24 B25 B26 B27 B28 B31 B32 B33 C6 C7 C8	0	53	53



Aprendizaxe colaborativa	A1 A3 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B12 B17 B18 B22 B24 B25 B26 B27 B28 B29 B30 B31 B32 B33 C6 C7 C8	9	0	9
Presentación oral	B3 B4 B7 B12 B18 B24	3	0	3
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Realizarase unha exposición dos contidos a través de medios audiovisuais. Poderán organizarse conferencias na aula ou a asistencia a sesións de conferencias relevantes organizadas externamente acerca de sistemas construtivos evolucionados.
Traballos tutelados	Ao longo do curso, o alumno desenvolverá un traballo en equipo que concluírá cunha breve presentación oral ante os seus compañeiros. Para a súa realización, expónse dous tipos de traballo alternativos entre os que poderá optar. No entanto, os profesores orientarán ao alumno en relación co tema que propoña, e resérvanse o dereito de reaxustar os temas con fins docentes. a) Desenvolvemento dunha proposta técnica dun novo produto, elemento ou sistema construtivo innovador, avanzado e eficiente para a edificación. Poderanse levar a cabo dúas estratexias alternativas: - Innovación con novos materiais, produtos ou elementos construtivos. - Nova aplicación dun material, produto ou elemento existente (p. ej: material de refugallo ou subproduto da industria) En cada traballo, estudaranse como mínimo os seguintes aspectos: - Descrición, composición e aplicacións do produto / elemento / sistema construtivo. - Deseño do sistema construtivo resultante. Viabilidade técnica da proposta. - Durabilidade da proposta. - Melloras que proporciona a proposta. - Valoración da solución de reciclaxe do material de refugallo. - Sustentabilidade na produción industrial do produto / elemento / sistema construtivo. b) Estudo dun sistema construtivo evolucionado existente, composto por: - Descrición de materiais / produto / elemento / sistema utilizados. - Comparación con outros sistemas construtivos existentes alternativos. - Valoración da solución de reciclaxe do material de refugallo. - Sustentabilidade na produción industrial do produto / elemento / sistema construtivo. Cada equipo poderá expor libremente calquera proposta que se axuste aos requisitos xerais establecidos. No entanto, os profesores orientarán aos alumnos en relación co tema que propoñan, e resérvanse o dereito de reaxustar os temas con fins docentes. Existe a posibilidade de que un mesmo traballo sexa desenvolvido conxuntamente nas materias ?Sistemas construtivos avanzados? e ?Materiais construtivos innovadores e eficientes?. Para iso, o tema proposto deberá cumprir os requisitos establecidos nas guías docentes de ambas as materias simultaneamente, e deberá ser aprobado polos profesores da materia antes do seu inicio. Nese caso, o traballo deberá ter unha extensión e un nivel de desenvolvemento acorde co tempo de dedicación previsto na planificación de ambas as materias.



Aprendizaxe colaborativa	O sistema de desenvolvemento do traballo tutelado será unha combinación entre o traballo da casa e o seguimento na aula por parte do profesor. O traballo na aula trátase dun conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Presentación oral	Realizarase unha presentación do traballo tutelado diante dos compañeiros, o profesor fomentará a participación na discusión achega do tema tras a presentación. Será obrigatoria a presentación dun traballo académico escrito, unha presentación tipo power-point e un panel resumen en tamaño A1 sobre cartón pluma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumno será atendido en horario de tutorías para aclaracións acerca dos temas tratados nas actividades expostas.
Sesión maxistral	O profesor realizará un seguimento con atención a grupos de traballo guiándoos no desenvolvemento dos mesmos.
Presentación oral	
Aprendizaxe colaborativa	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A3 B1 B3 B5 B7 B12 B17 B18 B22 B24 B25 B26 B27 B28 B31 B32 B33 C6 C7 C8	Realizarase en grupo outorgando a mesma nota a todos os compoñentes do mesmo. Os profesores resérvanse o dereito de asignar cualificacións diferentes a cada compoñente, cando detecten diferenzas no nivel de traballo de cada un.	50
Sesión maxistral	A3 B1 B2 B26 B27 B28 B29 B30 C6	Será obrigatoria a asistencia polo menos dun 80% das sesións	20
Presentación oral	B3 B4 B7 B12 B18 B24	Valoraranse as destrezas dos alumnos así como os medios audiovisuais, maquetas, paneis, mostras a escala real, etc. que se utilicen na mesma.	30

Observacións avaliación
A materia expónse cun sistema de avaliación continua, para o que é importante a asistencia do alumno ás actividades expostas. Este tipo de avaliación desenvólvese co apoio da atención personalizada do profesor, con especial relevancia do traballo desenvolvido durante o curso, que conclúe coa presentación oral do mesmo. Esta avaliación continua conforma a primeira oportunidade de superar a materia. No caso de que non se alcance un mínimo nas actividades propostas ofreceranse dúas opcións ao alumno que constitúen a segunda oportunidade de superar a materia: refacer o traballo chegando a unha maior profundidade técnica do tema tratado e a súa presentación a través da plataforma de teleformación nas datas designadas para ese efecto, ou ben a realización dun exame final. No caso de que un equipo de alumnos desenvolva un mesmo traballo de forma conxunta nas materias "Sistemas construtivos avanzados" e "Materiais construtivos innovadores e eficientes", en ambas as materias corresponderalle a mesma cualificación - nas partes correspondentes ao traballo tutelado e á súa presentación oral -.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materiais construtivos innovadores e eficientes/670526003
Materias que continúan o temario
Proxectos de i+d+i:relación investigación empresa/670503002
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías